

Curso POO PHP XMLParser

XML Parser

Os analizadores de documentos XML [SimpleXML](#) e [DOM](#) non son funcionais cando se trata de procesar documentos XML de gran lonxitude, debido principalmente ao seu consumo de memoria. Nestes casos teremos que empregar algunha alternativa, como é o caso da extensión [XMLParser](#), que emprega unha aproximación SAX e ven habilitada por defecto con PHP.

Procesamento de documentos XML

Os pasos que debemos seguir para procesar un documento XML empregando XMLParser son:

- Crear un recurso *intérprete* mediante unha chamada á función [xml_parser_create](#).

```
$parser = xml_parser_create();
```

- Establecer, se é necesario, as opcións de procesamento empregando a función [xml_parser_set_option](#). Unha das accións máis utilizadas é desactivar a opción [XML_OPTION_CASE_FOLDING](#), que por defecto ven activada e provoca que se convertan a maiúsculas as letras minúsculas.

```
xml_parser_set_option($parser, XML_OPTION_CASE_FOLDING, 0);
```

- Configurar os manexadores de eventos que serán chamados cando se atopen no documento XML elementos ([xml_set_element_handler](#)), textos ([xml_set_character_data_handler](#)) ou instrucións de procesamento ([xml_set_processing_instruction_handler](#)), entre outros.

```
xml_set_element_handler($parser, "inicio", "fin");  
xml_set_character_data_handler($parser, "texto");
```

No caso do manexador de elementos, defínense dúas funcións que se chamarán cando se atope a etiqueta de apertura e a de peche do elemento respectivamente.

- Abrir o ficheiro co documento XML, e ir lendo e procesando anacos do mesmo coa función [xml_parse](#).

```
$ficheiro = fopen("exemplo.xml", "r");  
while ($data = fread($ficheiro, 4096)) {  
    if(!xml_parse($parser, $data, feof($ficheiro))) exit("Erro ao analizar o documento XML");  
}
```

- Unha vez rematado o procesamento do documento, débese liberar o recurso chamando á función [xml_parser_free](#).

```
xml_parser_free($parser);
```

Creando unha clase que empregue XMLParse

Podemos encapsular o comportamento anterior empregando unha clase que conteña as funcións manexadoras dos eventos, e que se encargue de crear e inicializar o manexador. Neste caso é preciso empregar [xml_set_object](#) para indicar a clase que contén os manexadores.

O código seguinte aglutina o anterior empregando XMLParser para crear unha clase que procese o noso [documento de exemplo](#) e cree unha táboa HTML por cada película que conteña os seus datos principais.

```
class Analizador {  
    private $elemento_actual;  
  
    function __construct($nome_ficheiro) {  
        $parser = xml_parser_create();  
        xml_parser_set_option($parser, XML_OPTION_CASE_FOLDING, 0);  
  
        xml_set_object($parser, $this);  
        xml_set_element_handler($parser, "inicio", "fin");  
        xml_set_character_data_handler($parser, "texto");  
  
        $ficheiro = fopen($nome_ficheiro, "r");  
        while ($data = fread($ficheiro, 4096)) {
```

```

    if(!xml_parse($parser, $data, feof($ficheiro))) exit("Erro ao analisar o documento XML");
}
xml_parser_free($parser);
}

function inicio($parser, $nome_elemento, $atributos) {
$this->elemento_actual = $nome_elemento;
switch($nome_elemento) {
case "película":
echo '<table>';
break;
case "título":
echo '<tr> <th colspan="2">';
break;
case "títulooriginal":
echo ' (';
break;
case "director":
case "xénero":
case "duración":
echo '<tr><td>' . $nome_elemento . '</td><td>';
}
}

function fin($parser, $nome_elemento) {
$this->elemento_actual = "";
switch($nome_elemento) {
case "película":
echo '</table>';
break;
case "títulooriginal":
echo ')</th></tr>';
break;
case "director":
echo '</td></tr>';
}
}

function texto($parser, $data) {
switch($this->elemento_actual) {
case "película":
case "título":
case "títulooriginal":
case "director":
case "xénero":
case "duración":
echo $data;
}
}
}

$a = new Analizador('ejemplo.xml');

```

O resultado obtido será algo como o seguinte.

| El santo (The Saint) | |
|-----------------------------|---------------|
| director | Phillip Noyce |
| xénero | Acción |
| duración | 111 |

--VÍCTOR LOURIDO 23:35 24 jul 2013 (CEST)